

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se aproba e pública a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593), do corpo de profesores de música e artes escénicas (594) (código de procedemento ED003A)

Mediante Resolución do 16 de outubro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia correspondente ás seguintes especialidades do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593) e do corpo de profesores de música e artes escénicas (594) (código de procedemento ED003A)

a) Corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593)

CÓDIGO ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN ESPECIALIDADE
593100	Tecnoloxía Musical
593476	Jazz-contabaixo

b) Corpo de profesores de música e artes escénicas (594)

CÓDIGO ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN ESPECIALIDADE
594118	Dramaturxia e escritura dramática
594129	Técnicas gráficas para a escena
594130	Teoría das artes do espectáculo
594401	Acordeón
594402	Arpa
594411	Frauta de bico
594417	Instrumentos de corda pulsada do renacemento e do barroco
594420	Órgano
594432	Viola de gamba
594441	Canto aplicado a arte dramática
594443	Danza aplicada a arte dramática
594448	Espazo escénico
594449	Expresión corporal
594450	Iluminación
594455	Literatura dramática
594456	Técnicas escénicas
594461	Baixo eléctrico
594478	Linguaxe musical-arte dramático





Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e da nota media alegada polas persoas aspirantes na convocatoria para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas citadas especialidades, de acordo co disposto na base sétima da dita convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional nas especialidades indicadas e facelas públicas no portal da Internet desta consellería www.edu.xunta.gal.

En consecuencia, esta dirección xeral,

Resolve:

Primeiro. Aprobar e facer pública no portal da Internet da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e www.edu.xunta.gal a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas anteditas especialidades.

Segundo. Declarar, de xeito provisional, deserto o procedemento para as seguintes especialidades polos motivos que se describen:

a) non constar presentada ningunha solicitude de participación: No que atinxe ás especialidades de Arpa (594402) e Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco (594417) do corpo de profesores de música e artes escénicas (594).

b) non constar admitida ningunha solicitude de participación: No que atinxe ás especialidades de Frauta de bico (594411), Órgano (594420), Viola de gamba (594432) e Literatura dramática (594455) do corpo de profesores de música e artes escénicas (594).

Terceiro. De acordo co disposto na base sétima da convocatoria pola que se acordou a apertura do procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas excluídas e o baremo provisional, que presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado do procedemento ED003A, opción "Alegacións", accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED003A&ano=2020&numpub=1&lang=gl> no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no portal de Internet da consellería.

Non se admitirán as alegacións que non sexan presentadas a través do procedemento indicado no parágrafo anterior.

Cuarto. A estimación ou desestimación das alegacións presentadas entenderase implícita nunha nova resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que será publicada no portal www.edu.xunta.gal, pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas consonte co disposto na base oitava da convocatoria.





Quinto. Para o caso de que xurda a necesidade de cubrir interinidades ou substitucións con anterioridade á aprobación e publicación das listas definitivas, seguirase a orde de chamamentos establecida na lista provisional de conformidade coa base sétima da convocatoria.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

